



## ANUNCIO

APERTURA PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE ADMINISTRATIVO/A, DE ADMINISTRACIÓN XERAL (C1) AO AMPARO DA ORDE DE 13 DE AGOSTO DE 2025 DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS XOVENES INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (PROGRAMA FSE + GALICIA 2021-2027). EXP. 1221/2025

- Aprobación de bases e convocatoria por decreto de alcaldía 2025-0962 de data 07/11/2025. (publicadas no taboleiro electrónico, páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Guitiriz).
- Orde de 13 de agosto de 2025 de subvencións destinadas á contratación de persoas xóvenes inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Programa FSE+ Galicia 2021-2027). Publicadas no DOG num. 160 de data 22/08/2025.
- Resultado de selección do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) recibido con data 14/11/2025.

### OBXECTO DA CONVOCATORIA

Selección de 1 administrativo/a, de administración xeral a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo temporal coa cláusula específica de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego, utilizando a oposición como sistema de selección, para desempregados inscritos/as dentro da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO) 4500 de empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outros epígrafes, e inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a Orde de 13 de agosto de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións destinadas á contratación de persoas xóvenes inscritas no SNGX (Programa FSE+ Galicia 2021-2027).

Os aspirantes que participen na presente convocatoria deberán reunir os requisitos específicos da base 3ª da convocatoria indicada.

*Deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego na Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO) 4500 e estar inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.*

### PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes (Anexo II debidamente cuberto e asinado) presentaránse nun **prazo de 5 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio de apertura de prazo. Poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, na sede electrónica a través de instancia xeral ou mediante calquera forma prevista na Lei 39/2015 tendo en conta o indicado nas bases. Debe acompañarse **toda a documentación** precisa para acreditar algunha das circunstancias que se establecen como criterios de preferencia.

